



Parlamento das Letras: Paco Martín

Publicado o [31/10/2012](#)

¡Quen me dera poder ser profesor de chairego, andar de aquí para acolá enviso, todo o santo día nos alpidardos, preocupado tan só por como atopar a fórmula maxistral coa que plasmar sobre do papel ou o lenzo os soños dos demais! Talvez así descubriría, por fin, que cousa é cousa, e entendería ese falar fabulado que teñen as bisnetas lerchas. ¿E el daría dunha vez por todas coa clave para descifrar as historias que se len á noite, as olladas que se deitan dende a Muralla, os destinos que rexen os ceos de lama, as voltas e reviravoltas que dá a vida no cadeixo e o moito que nos queda por aprender ollando as muxicas escharetar contra do espello no que asoma o camiño que percorremos?

Dixéronme dun rapaz de Recatelo que sabe da xente miúda e non tan miúda, dos vellos mesteres e de por que nos dicimos galeg@s. En fin, un individuo que ten tratado máis de dous homes ou tres e seica é quen de interpretar as estrañas mudanzas dos enchecestos augadores, dos paporroibos sedentos e aínda dos vagóns ferroviarios extraviados, os robots andaregos e outra ratallada pequeneira que no mundo é.

Del só teño o nome: Paco Martín. Pero coido que ha abondar, porque, ao que del se me dixo, é autoridade mundial en palabras aquelas e conseguín, de matute, que se me adelantara algún material para irmos vezando.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

As primeiras cousas das que teño algo de memoria foron algúns escritos, con pseudónimo, para aquelas publicacións que pretendiamos reivindicativas e que mesmo había quen consideraba panfletarias, tiradas a ciclostilo e feitas entre tres ou catro rapaces desde a Escola Normal de Lugo. O primeiro libro, *Muxicas no espello*, apareceu a empezos do outono de 1971 na Celta impulsado —e prologado— por Alonso Montero e coa colaboración de Epifanio Ramos.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Recoñezo que os críticos foron sempre moi considerados coa miña obra, pero resulta evidente que *Das cousas de Ramón Lamote* debeu chegar cunha flor no cu ou algo semellante. Dígoo polo bo trato que a crítica e a xente lle concederon, e iso é algo que, creo, puido provocar que outros traballos meus pasasen máis desapercibidos do que, na miña opinión, merecían. En especial para o público. Se cadra debido ao que antes dixeran.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Uso, cando o fago a mao, pluma estilográfica ou lapis. Nunca bolígrafo. E prefiro estar illado, en soidade e silencio.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Estou ben seguro de que a antóloga ou o antólogo que realicen o traballo saberán colocarme onde corresponda.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

O enorme respecto que polo idioma teño desde sempre, o enorme respecto que o lector me merece, a teimuda pretensión de que o que escribo permita que os demais participen e unha tamén teimuda procura de que o que fago sexa tan do falado coma do escrito.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Imaxino que é debido á idade, pero agora o que máis fago é volver ler. Todo aquilo que me enchera hai tempo e no que cada volta descubro algo novo, ou volvo aproveitar o que xa descubrira. Moitas veces chégame con revisar determinadas partes da obra e deixar á miña memoria que me faga chegar o resto. Sentir que me sinto lector. Como é lóxico, nestas lecturas están todos e todas, galegos e non galegos até onde a min se me alcanza.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Faltan os mecanismos precisos para lograr lectores ben formados: medios abondo para que a crítica chegue a todos, prestixiando o seu oficio, o do escritor e mais o do editor... Sobrar, se cadra esa especie de afán intervencionista ao que tan afeccionados somos por aquí.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Nunca fun —e a estas alturas moito menos, claro— de me fixar obxectivos nin poñer prazos. Creo que moitísimo do que eu desexaría ter escrito xa houbo quen o fixo antes e, a verdade, se tivese conciencia sería de que estou quedando sen tempo procuraríalo para cousas menos 'transcendentes'.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Boa. Ao nivel de calquera e mesmo diría que, por veces, por riba do que en teoría debera ser.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Confiar en que iniciativas como esta túa teñan éxito e medren até formar parte natural da vida diaria nosa.